


-Os Gardiáns Sostibles-

# Misión RexenerACCIÓN




A túa compañía da auga

# Gardiáns Sostibles

Un equipo sempre en acción para coidar da auga e do planeta!

UNHA NOVA AVENTURA ENFRONTA AOS NOSOS SÚPER HEROES CON DESERTUS, UN DOS PRINCIPAIS INIMIGOS DO PLANETA. O SEU PODER DE DESTRUCCIÓN EN REXIÓNS VERDES E ZONAS AGRÍCOLAS AVANZA PERIGOSAMENTE. SABERÁN OS GARDIÁNS SOSTIBLES FACER FRONTE A ESTA NOVA AMEAZA PLANETARIA?



## Aqual e ODS6:

COIDAR DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA É COIDAR DO PLANETA. AMBOS O SABEN E COÑECEN CADA FASE AO DETALLE.

## Mateo:

SEMPRE ATENTO AO COIDADO DA AUGA E O SEU USO RESPONSABLE. CADA PINGA CONTA! É A SÚA FRASE FAVORITA.



## Bruno:

UNHA BILLA ABERTA INUTILMENTE É UN DESPERDICIO. A SÚA INSISTENCIA EN PECHAR A BILLA AO ENXABOARSE OU CEPILLARSE OS DENTES CONVERTEUNO NUN SÚPER HEROE DE FAMA MUNDIAL.



## Sostenito:

O ROBOT EXPERTO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL E SOSTIBILIDADE. OS SEUS SABIOS E ÚTILES CONSELLOS PARA O DÍA A DÍA, AXUDAN A MELLORAR O PLANETA.



## Lucía:

A SÚA IMAXINACIÓN E CAPACIDADE PARA REUTILIZAR A AUGA NON DEIXA DE SORPRENDERNOS.



## Desertus:

O VILÁN COÑECIDO E TEMIDO EN TODO O MUNDO POLA DESERTIFICACIÓN. O SEU ENORME EXÉRCITO DE PO E AREA FAISE MÁIS FORTE COAS EMISIÓN DE CO<sub>2</sub>, A SECA, A DEFORESTACIÓN E O USO INADECUADO DA AUGA. A SÚA CAPACIDADE PARA FACER DESAPARECER TERRA FÉRTIL E ZONAS NATURAIS AMEAZA A SOSTIBILIDADE DO PLANETA.

## Martina:

FAN NÚMERO 1 DOS ANIMAIS. EXPERTA EN COIDAR E PROTEXER A BIODIVERSIDADE DO PLANETA.




## Daniela:

CO SEU INTERCONECTOR TEN FÍO DIRECTO CON SOSTENITO. A SÚA MISIÓN? NIN UN PLÁSTICO FÓRA DO COLECTOR AMARELO.



## Hugo:


ESPECIALISTA EN INODOROS. O ÚNICO RESÍDUO ACEPTADO, O PAPEL HIXIÉNICO. SEMPRE VIXIANTE PARA EVITAR QUE OUTROS RESÍDUOS DANEN O MEDIO AMBIENTE.



# Estación antártica internacional.

XUNTO A UN EQUIPO CIENTÍFICO, AQUAL E ODS6 FORMAN PARTE DA MISIÓN PARA ESTUDAR OS EFECTOS DO QUECEMENTO GLOBAL NOS POLOS.

DE SÚPETO, A CHEGADA DE ALARMANTES MENSAXES EMITIDAS DESDE DIFERENTES PUNTOS, PON Á ESTACIÓN E AO EQUIPO EN ALERTA. DESERTUS FAI ESTRAGOS EN 6 REXIÓNS DO PLANETA E HAI QUE REACCIONAR DE INMEDIATO!



A DESERTIFICACIÓN ESTÁ ACABANDO COA VEXETACIÓN E A AGRICULTURA EN MOITAS ZONAS DO PLANETA. A BIODIVERSIDADE, A SAÚDE E A ALIMENTACIÓN DE MILLÓNS DE PERSOAS ESTÁN EN PERIGO. OBSERVA, 6 NENOS DESDE 6 PUNTOS DO PLANETA PEDINDO AXUDA. É HORA DE ACTUAR!

OK. EMITIDO MENSAXE DE ALERTA MÁXIMA. GARDIÁNS SOSTIBLES, HAI QUE FREAR A DESERTUS DANADAS. PASAMOS Á REXENERACIÓN!

ALARMA RECIBIDA! O MEGAPATÍN SOLAR DOS GARDIÁNS SOSTÍBLES  
PON RUMBO AO CENTRO DE CONTROL. ALÍ, SOSTENITO ESTÁ  
REUNINDO TODA A INFORMACIÓN PARA ACABAR CON DESERTUS  
E RECUPERAR AS ZONAS DANADAS POLA DESERTIFICACIÓN.  
PODERÁN OS SUPERPODERES SOSTÍBLES E A XESTIÓN DO CICLO  
INTEGRAL DA AUGA DEVOLVER A TRANQUILIDADE AO PLANETA?

RECIBIDA ALERTA DO  
CENTRO DE CONTROL!  
ATENCIÓN SOSTENITO,  
DIRIXÍMONOS AO TEU  
ENCUNTRO.

NON PODE SER!,  
A DESERTIFICACIÓN  
AMEAZANDO O PLANETA.

SÍ, A VEXETACIÓN  
ESTÁ EN PERIGO E É  
FUNDAMENTAL PARA ABSORBER  
O CO<sub>2</sub>, O GAS DE EFECTO  
INVERNADORA QUE IMPULSA  
O CAMBIO CLIMÁTICO E A  
DESERTIFICACIÓN.

REXENERACIÓN!

# RexenerACCIÓN: actuar para rexenerar e mellorar a vida no planeta coas 6 fases da xestión do ciclo integral da auga.

OS GARDIÁNS SOSTIBLES ESTUDAN A ESTRATEXIA PARA COMBATER A DESERTUS EN DIFERENTES REXIÓNS DO PLANETA. O TRABALLO EN EQUIPO COS HABITANTES DAS ZONAS EN PERIGO E A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA SERÁN CLAVES PARA FREAR A DESERTIFICACIÓN E REXENERAR AS ZONAS DANADAS.



COMO VEDES DETECTÁRONSE 6 "PUNTOS QUENTES" NO PLANETA GRAZAS Á ACCIÓN DE 6 NENOS PREOCUPADOS CO AVANCE DA DESERTIFICACIÓN. CADA UN DELES RECIBIRAVOS NESE PUNTO CONCRETO PARA ACTUAR DE INMEDIATO.



POÑÁMONOS EN MARCHA, NON HAI UN MINUTO QUE PERDER.



RUMBO Á ALERTA 1.

# América do Norte

**ALERTA 1:** DESDE A ZONA CENTRAL DE NORTEAMÉRICA CHEGA O SINAL DE ROBERT PEDINDO AXUDA. A SÚA FAMILIA CULTIVA TRIGO NESTA ZONA PERO OS RECURSOS ACUÍFEROS ESTANSE SECANDO PO LA SOBREEXPLOTACIÓN AGRARIA. DESERTUS AVANZA IMPLACABLE E OS GARDIÁNS ENTRAN EN ACCIÓN.

SABIAGES QUE OS ACUÍFEROS SUPOÑEN O 30% DA AUGA DOCE DO PLANETA?

GRAZAS Á COLABORACIÓN, OS GARDIÁNS SOSTÍBLES PLANEAN UNHA IDEA XENIAL PARA SALVAR OS ACUÍFEROS E FREAR A ACCIÓN DE DESERTUS. A PRIMEIRA FASE DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, A CAPTACIÓN, PONSE EN MARCHA PARA AXUDAR A TODAS AS POBOACIÓNS DA ZONA.

ROBERT, NON PODEDES EXTRAER SEMPRE A AUGA DOS ACUÍFEROS. ESGOTARASE E DESERTUS ARRASARÁ OS VOSOS CAMPOS DE TRIGO.

TEMOS QUE ACTUAR SEN FALTA. BOTADE TODOS UNHA MAN!

ESAS MONTAÑAS TEÑEN NEVE E RÍOS. HAÍ QUE CAPTAR A AUGA DE ALÍ E NON DOS ACUÍFEROS.

ENTRE TODOS CONSTRUIREMOS UN ENCORO PARA CAPTAR AUGA APROVEITANDO OS RÍOS E A NEVE DAS MONTAÑAS!

OS ACUÍFEROS SON FORMACIÓNS XEOLÓXICAS SUBTERRÁNEAS QUE ALMACENAN AUGA. SON ESENCIAIS PARA MANTER RÍOS E LAGOS E SUBMINISTRAR AUGA A POZOS E MANANCIÁIS. A SÚA AUGA ESTÁ PROTEXIDA DA EVAPORACIÓN E A CONTAMINACIÓN POLO QUE SE MANTÉN LÍMPA E SEGURA PARA DIFERENTES USOS.

## Fase 1 - Captación

DURANTE A CAPTACIÓN, A AUGA BRUTA RECOLLIDA EN LAGOS, RÍOS, MANANCIÁIS, OU INCLUSO DO MAR, É LEVADA A ESTACIÓNS POTABILIZADORAS PARA O SEU TRATAMENTO.



# Selva Amazónica-América do Sur

**ALERTA 2:** NESTA REXIÓN, COÑECIDA COMO O PULMÓN DO PLANETA POLA SÚA IMPORTANCIA PARA MANTER O EQUILIBRIO CLIMÁTICO, MANUEL RECIBE AOS GARDIÁNS E PONO EN SITUACIÓN: DESERTUS AVANZA PERIGOSAMENTE IMPULSADO POLOS INCENDIOS E A DEFORESTACIÓN.

OS GARDIÁNS SOSTIBLES TRABALLAN EN EQUIPO COS HABITANTES DA ZONA PARA FREAR OS INCENDIOS E REFORESTAR UNHA GRAN SUPERFICIE. ADEMAIS, GRAZAS Á TECNOLOXÍA E A AXUDA DE TÉCNICOS ESPECIALIZADOS, CONSTRUIRÁN UNHA ETAP PARA DISPOR DE AUGA POTABLE.

SABIÁDES QUE A CUNCA DO AMAZONAS TEN O 20% DA AUGA DOCE DO PLANETA PERO 7 DE CADA 10 HABITANTES NON DISPOÑEN DE AUGA POTABLE?

PLANTANDO ESTAS ÁRBORES AUTÓCTONAS RECUPERAREMOS AS ZONAS DANADAS.

VEDES?, TODO ISTO ANTES ERA UNHA SELVA.

E COA NOVA ETAP ASEGURAREMOS AS CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE E O MELLOR APROVEITAMENTO DA AUGA.

ISTO SI É TRABALLO EN EQUIPO!

A DEFORESTACIÓN OU TALA DE ÁRBORES NON CONTROLADA INFLÚE NO CAMBIO CLIMÁTICO E CAUSA UN GRAN DANO Á NATUREZA. POR ISO É TAN IMPORTANTE A REFORESTACIÓN: PLANTAR OU CULTIVAR ESPECIES PARA RECUPERAR AS PERDAS DA DEFORESTACIÓN.

## Fase 2 - Tratamento



NAS ETAP, ESTACIÓNS DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE, E NAS EDAM, ESTACIÓNS DESALADORAS DE AUGA DE MAR, A AUGA BRUTA É TRANSFORMADA EN AUGA POTABLE.



## O Sahel-Norte de África

**ALERTA 3:** NUNHA PEQUENA ALDEA DO SAHEL, ENTRE O DESERTO DO SAHARA E A SABANA AFRICANA RECÍBEOS NÍA: DESERTUS ESTÁ ACABANDO COS PASTOS QUE ALIMENTAN O GANDO!, SE A SITUACIÓN CONTINÚA, QUEDARÁN SEN LEITE E OUTROS ALIMENTOS.

SABIÁDES QUE O SAHEL É UNHA DAS REXIÓNS MÁIS AFECTADAS POLO CAMBIO CLIMÁTICO NO MUNDO, CUN AUMENTO DAS TEMPERATURAS QUE SUPERA 1,5 VECES A MEDIA MUNDIAL?

OS GARDIÁNS SOSTÍBLES ENTRAN EN ACCIÓN. ENTRE TODOS PLANTARÁN ESPECIES VEXETAIS QUE AXUDEN A REXENERAR A ZONA. ADEMAIS, REFORZARÁN A 3ª FASE DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, CUBRINDO E PROTEXENDO OS TANQUES DE ALMACENAMENTO PARA EVITAR QUE A AUGA SE CONTAMINE E SE EVAPORE. CONSEGUIRÁNNO?

AQUÍ CHOVE CADA VEZ MENOS E O DESERTO GÁÑANOS TERREO.

INSTALAREMOS REGA POR GOTEO E REPOBAREMOS OS PASTOS CON ESPECIES NATIVAS RESISTENTES Á ESCASEZA DE AUGA.

E CUBRINDO OS TANQUES ASEGURAREMOS DE NON PERDER NIN UNHA PINGA DA AUGA ALMACENADA.

DESERTUS PREPÁRATE, A REXENERACIÓN PONSE EN MARCHA!

NA DESERTIZACIÓN, UNHA ZONA CAMBIA DE HÚMIDA A DESÉRTICA DE MANEIRA NATURAL. NA DESERTIFICACIÓN É A ACCIÓN HUMANA A QUE PROVOCA QUE UN CHAN FÉRTIL PERDA A SÚA CAPACIDADE DE PRODUCCIÓN.



### Fase 3 - Almacenamento

NESTA FASE, A AUGA POTABLE É ALMACENADA EN GRANDES DEPÓSITOS PARA GARANTIR O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN EN PERFECTO ESTADO ATA O SEU CONSUMO.



# Australia

**ALERTA 4:** DESERTUS GAÑA TERREO EN AUSTRALIA. OS GASES DE EFECTO INVERNADORO, A SECA E AS ALTAS TEMPERATURAS FACILITAN A APARICIÓN DE INCENDIOS. O CHAN FÉRTIL ESTÁ DESAPARECENDO E MOITAS ESPECIES ANIMAIS ESTÁN EN PERIGO! CHLOE RECIBE MOI PREOCUPADA AOS GARDIÁNS SOSTÍBLES.

SABIADES QUE AUSTRALIA É UN DOS MAIORES EMISORES DE CO<sub>2</sub> DO MUNDO?

A COLABORACIÓN É FUNDAMENTAL PARA ENFRONTARSE AO TEMIDO DESERTUS. HAI MOITO TRABALLO POR FACER: APAGAR OS INCENDIOS, REDUCIR AS EMISIÓN DE CO<sub>2</sub> E COA AXUDA DA 4ª FASE DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, A DISTRIBUCIÓN, ASEGURARSE DE QUE NON SE PERDA NIN UNHA PIÑGA DE AUGA POTABLE.

RÁPIDO, TEMOS QUE DETER ESE INCENDIO!

SI, OS KOALAS FOXEN, ELES TAMÉN ESTÁN EN PERIGO.

COA INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES REDUCIREMOS AS EMISIÓN DE CO<sub>2</sub>.

DÉIXAMOSTE PLANCHADO NON, DESERTUS? ENTRE TODOS PODEREMOS CONTIGO!

MENTRES, AQUÍ ABAIXO VIXIAREMOS QUE A REDE DE DISTRIBUCIÓN NON TEÑA NIN UNHA FUGA.

O CAMBIO CLIMÁTICO DÉBESE, EN GRAN PARTE, Á ACCIÓN HUMANA. O AUMENTO DOS GASES DE EFECTO INVERNADORO (GEI) NA ATMOSFERA, AFECTA A TODO O PLANETA E AS SÚAS CONSECUCIAS ESTÁN A PROVOCAR O INCREMENTO DAS TEMPERATURAS, O DESHEO DOS POLOS, A DESERTIFICACIÓN, INCENDIOS, TORMENTAS E INUNDACIÓN.

## Fase 4 - Distribución

A AUGA POTABLE PERCORRE A REDE DE TUBAXES BAIXO O SUBSOLO PARA CHEGAR ATA AS NOSAS BILLAS. O COÍDADO E MANTEMENTO DESTA ENORME REDE DE TUBAXES É UN TRABALLO IMPORTANTÍSIMO PARA ASEGURAR O SUBMINISTRO DE AUGA.



## Leste da India - Sur de Asia

**ALERTA 5:** A ALERTA DE FIARA ESTÁ XUSTIFICADA. NA SÚA REXIÓN, AS CIDADES ESTÁN A MEDRAR MOI RÁPIDO E CON ELAS AS EMISIÓN DE CO<sub>2</sub> E OS PROBLEMAS AMBIENTAIS. PARECE QUE DESERTUS O TEN TODO A FAVOR!

MIRA TODA ESA CONTAMINACIÓN, O LIÑO ACABA NA AUGA.

MENTRES OS GARDIÁNS SOSTÍBLES INTENTAN FREAR A DESERTUS CREANDO PARQUES E ZONAS VERDES NA CIDADE, AQUAL E ODS6 CONCIENCIAN SOBRE A 5ª FASE DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA E O USO RESPONSABLE DA REDE DE SANEAMENTO, UN ASPECTO FUNDAMENTAL PARA EVITAR A CONTAMINACIÓN DA AUGA.



NECESITAMOS CIDADES MÁIS SOSTÍBLES PARA VIVIR!

TRANQUILA FIARA, A NOVA VEXETACIÓN ABSORBERÁ MÁIS CO<sub>2</sub>, DIMINUIRÁ A CONTAMINACIÓN E AUMENTARÁN AS POSIBILIDADES DE CHOIVA.

O INODORO E OS DESAUGADOIRAS NON SON PAPELEIRAS. CADA RESIDUO (TOALLIÑAS, ACEITES, PINTURAS...) DEBE IR AO SEU COLECTOR ESPECÍFICO.

SABIAGES QUE NA INDIA, O 67% DAS VIVENDAS EN ZONAS RURAIS NON TEÑEN RETRETE? ISTO SUPÓN UN GRAVE PROBLEMA DE HIXIENE, SAÚDE, SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE.

ESTÁ CLARO, AO WC, SÓ PAPEL HIXIÉNICO!

GRAN PARTE DA CONTAMINACIÓN DA AUGA POTABLE PRODÚCESE POR VERTIDOS URBANOS, DOMÉSTICOS E INDUSTRIAIS. A REDE DE SANEAMENTO PROTEXE A NOSA SAÚDE E A DO PLANETA. TEMOS QUE COIDALA!



## Fase 5 - Saneamento

NESTA FASE, A AUGA UTILIZADA É CONDUCIDA MEDIANTE A REDE DE SANEAMENTO E SUMIDOIROS ATA AS EDAR, ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS, PARA O SEU TRATAMENTO.

## Sur de Europa-Península Ibérica

**ALERTA 6:** AO SUR DA PENÍNSULA IBÉRICA A DEMANDA DE REGA É EXCESIVA E OS ACUÍFEROS ESTANSE SECANDO. DESERTUS ESTASE FACENDO FORTE NESTAS TERRAS.

OS GARDIÑS TEÑEN A CLAVE PARA REMATAR CON DESERTUS. COA AXUDA DA 6ª FASE DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, LOGRARÁN REUTILIZAR A AUGA PROCEDENTE DA EDAR E REXENERAR A TERRA.

SABIAGES QUE A DEGRADACIÓN DO CHAN AFECTA AO 33% DAS TERRAS DO PLANETA?

SÍ, DESERTUS, TEMOS MOITAS MANEIRAS DE AXUDAR AO PLANETA.

PERO TODOS DEBEMOS COLABORAR E SABER APROVEITAR OS RECURSOS QUE TEMOS.

ESPECIALMENTE A AUGA, UN AGASALLO DA NATUREZA QUE DEBEMOS COIDAR.


XA VEDES, SEN CHOIVA E SEN REGA A COLLEITA BOTARASE A PERDER.

TRANQUILO DIEGO, DESDE A EDAR PODEREMOS REAPROVEITAR A AUGA PARA REGAR.

A DEGRADACIÓN DO CHAN PON EN PERIGO O EQUILIBRIO DOS ECOSISTEMAS. A REUTILIZACIÓN DA AUGA PERMITE REXENERAR ESTAS ZONAS EVITANDO A DESERTIFICACIÓN.

### Fase 6 - Depuración

A AUGA UTILIZADA CHEGA ÁS EDAR, ESTACIONES DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS, ONDE É FILTRADA E DEPURADA PARA SER REUTILIZADA OU DEVOLTA LIMPA AO MEDIO NATURAL.



XUNTOS VENCEREMOS  
A DESERTUS E FAREMOS DO  
PLANETA UN LUGAR CADA  
DÍA MELLOR.

É O MOMENTO  
DE PASAR Á  
REXENERACIÓN!

LEMBRA OS  
CONSELLOS PARA AFORRAR  
AUGA E COIDAR O MEDIO  
AMBIENTE.

AGORA,  
TÓCACHE A TÍ  
SER UN GARDIÁN  
SOSTIBLE.

 **aqualia**

*A túa compañía da auga*

